

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 25 DE NOVEMBRO DE 2009**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Caballero Alvarez, Abel Ramón  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Vázquez, Raquel  
Lago Rey, María Jesús  
López Atrio, Laura  
López Font, Carlos  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
López Carreira, Xesús  
Méndez Piñeiro, María  
Veloso Ríos, Iolanda

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Beiro Diz, Pablo José  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio  
Martiño Gómez, Antonio  
Muñoz Posse, Carlota

#### **NON ASISTE:**

González Sagarra, Javier Pablo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e quince minutos do día vintecinco de novembro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> María

Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. González Sagarra. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (218).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

ANTECEDENTES.- Os grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, presentan perante o Pleno da Corporación declaración institucional co gallo do día internacional para a eliminación da violencia de xénero co seguinte contido:

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO CON MOTIVO DO  
DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA  
VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

O día 25 de novembro, declarado pola Asemblea Xeral da ONU como día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller no ano 1999, constitúe un referente para a renovación das obrigas dos Poderes Públicos, colectivos, institucións e toda a cidadanía para conseguir a erradicación da violencia contra as mulleres.

Desde o Concello de Vigo consideramos que a violencia de xénero é a manifestación máis extrema de desigualdade que aínda hoxe persiste na nosa sociedade.

Violencia de xénero é todo acto de agresión dirixido contra as mulleres que ven derivado das relacións de poder historicamente desiguais dos homes sobre as mulleres. Esta violencia dáse en todos os ámbitos da vida, no traballo, na rúa, na casa, e aféctanos a todas as mulleres sen ter en conta a idade, cultura, relixión, clase social, causando sufrimento psíquico e físico e mesmo a morte. Cinco mulleres, no que vai de ano, foron asasinadas na Galicia: M<sup>a</sup> Teresa, M<sup>a</sup> Socorro,

M<sup>a</sup> Luz, Ubaldina e Laura.

As raíces desta violencia están no patriarcado que instituíu unha orde de dominación (social, económica, política) do masculino sobre o feminino, para manter este sistema a violencia de xénero é utilizada como ferramenta de control, de submisión e de obediencia.

Se na actualidade empeza-se a considerar a violencia de xénero un problema político e froito das loitas do movemento feminista. Os dereitos non foron regalados senón que foron conquistados gracias á constancia e ao esforzo da loita das mulleres. E por iso nunca se pode baixar a garda, non permitindo ningún paso atrás e pola contra asegurando o avance e afondamento nos mesmos.

Na cidade de Vigo hai que destacar que as mulleres organizadas representan un tecido social moi importante así como o labor desenvolvido desde o Consello Municipal da Muller como órgano consultivo do Concello de Vigo, o primeiro creado na Galiza no ano 1992, que teñen demostrado na teoría e na práctica que grazas as súas intervencións déronse pasos fundamentais na mellora social da nosa cidade en diferentes ámbitos (sociais, educativos, laborais, políticos, culturais,...). É por iso que resulta de vital importancia recoñecer e traballar dunha maneira coordinada e en colaboración coas diferentes organizacións de mulleres desta cidade para visibilizalas e recoñecer o traballo que veñen desenvolvendo desde hai tantos anos e que repercutirá dunha maneira positiva nesta sociedade que aínda segue a ter discriminadas ás mulleres.

Existen novos instrumentos legais que poden axudar a paliar esta situación, entre outros a Lei de protección integral contra a violencia de xénero de 2004 , a lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero de 2007 ou o IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo. Pero estas leis e plans, sendo necesarias, hai que dotalas de recursos humanos, materiais e económicos e desenvolveselos para que sexan útiles para enfrontarse a esta lacra social, é necesario, ademais que nun momento de crise económica, as Administracións non limiten os recursos, senón que mesmo os incrementen, para atender a todas e cada unha das necesidades que poidan ter as mulleres.

Partindo de que os instrumentos legais, por si sós, non son suficientes para conseguir novos modelos de relacións entre homes e mulleres. Por iso esíxese a participación activa de todas e todos na consecución dunha sociedade democrática, tamén para as mulleres, durante todos e cada un dos días do ano.

O Concello de Vigo manifesta que vai seguir traballando para erradicar a violencia de xénero e comprométese a vixiar, previr e promover políticas dunha maneira transversal en todas as súas actividades, garantindo que todas as persoas sexan libres e iguais en dignidade e dereitos.

*A petición do Consello Municipal da Muller, a Presidencia dá a palabra a dona Luisa Ocampo Pereira para que proceda á lectura da anterior declaración.*

2.- (219).- APROBACIÓN DO IV PLAN MUNICIPAL INTEGRAL PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DE VIGO 2009-2012.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de novembro de 2009 a xefa do Servizo de Igualdade, coa conformidade da concelleira delegada, presenta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e posterior ratificación polo Pleno da Corporación, do “IV Plan municipal integral para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2009-2012”.

O devandito Plan ditaminouse favorablemente polo Consello Municipal da Muller na sesión que tivo lugar o día 27 de outubro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 16 de novembro, prestou a súa aprobación a anterior proposta.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Convocamos este Pleno para presentar e aprobar o IV Plan municipal de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres, un plan que xa se aprobou por unanimidade no Consello Municipal da Muller onde están representadas asociacións e colectivos de mulleres da nosa cidade, secretarías de muller dos sindicatos e os grupos políticos deste Concello.

Neste Pleno se conteñen as políticas públicas de igualdade de xénero que propoñemos dende o Concello de Vigo para o período 2009-2012. Entendemos que as políticas públicas de igualdade de xénero son un conxunto ordenado de medidas e instrumentos de intervención política que hai que poñer en marcha co obxectivo de incidir e corrixir os desequilibrios orixinados pola sociedade patriarcal coa intención de acadar unha igualdade de oportunidades real e efectiva entre mulleres e homes.

Neste sentido o feminismo tivo un papel fundamental para chegar a que hoxe en día esteamos a poñer en marcha este tipo de políticas de igualdade de xénero. O feminismo, como teoría e práctica de emancipación, crítica, diversa, plural e sobre todo en permanente debate, crecemento e transformación, achega á sociedade un marco de interpretación para analizar e ver o mundo, cuestionando a organización social, reinterpretando a realidade e elaborando termos para nomear ós novos fenómenos que ven analizando: violencia de xénero, acoso sexual, dobre xornada, etc., termos que hoxe en día utilizamos comunmente pero que cómpre lembrar cada

día cal é o seu significado real.

Na nosa cidade ademais, o compromiso das organizacións feministas e das asociacións de mulleres que traballan pola consecución de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, ven realizando unha gran contribución ó desenvolvemento das políticas de xénero. Os avances acadados polas mulleres ó longo destes anos foron conquistados polas propias mulleres e é de xustiza social recoñecer ás pioneiras que racharon moldes coa súa propia vida, abrindo camiños dos que gozamos todas as mulleres na actualidade.

O movemento asociativo vigués é un referente histórico na comunidade autónoma galega na loita pola defensa da igualdade de xénero así como no desenvolvemento local, tendo un protagonismo fundamental e un compromiso e participación activa nas políticas de xénero que se desenvolven dende a concellería de Igualdade. Cómpre tamén destacar a súa participación e implicación na elaboración e desenvolvemento do III Plan de Igualdade de oportunidades, así como na elaboración deste IV Plan.

Por iso quero empezar esta presentación co agradecemento a todos os colectivos de mulleres e ó Consello Municipal da Muller pola súa participación, as súas achegas, a súa crítica sempre construtiva e por ter estado hoxe connosco elaborando e facendo lectura desta declaración institucional polo 25 de novembro, día internacional pola eliminación da violencia contra a muller.

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo dende a súa creación ven desenvolvendo un importante labor de posta en marcha de políticas de igualdade tendentes a eliminar a situación de desigualdade e discriminación que sofren as mulleres. Presentamos este IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Vigo para 2009-2012, coma un instrumento de acción política para fortalecer o proceso de transformación social das relacións de xénero na cidade de Vigo coa finalidade de promover as condicións que permitan facer real e efectiva a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

Incidindo nesta mesma liña de traballo o Concello de Vigo elabora tamén por primeira vez un Plano de Igualdade na Administración Local, en colaboración co concelleiro de Persoal porque é un plan dirixido especificamente a acadar a igualdade entre os traballadores e traballadoras deste Concello, para conseguir que as mulleres e os homes teñan as mesmas condicións e oportunidades, eliminando calquera discriminación e promovendo un ámbito favorable para o desenvolvemento persoal

de todas as persoas que traballa na administración local.

Este Plan Integral de Igualdade de Oportunidades preséntase coma unha ferramenta institucional para abordar a intervención en materia de igualdade de oportunidades porque, recoñecendo que os avances legislativos en materia de igualdade foron moi importantes nos últimos tempos, aínda queda moito traballo que facer para que máis aló do eido legislativo, na vida cotiá, esa igualdade sexa realmente efectiva.

Así, neste plan recollemos as directrices que deben orientar a actividade do Concello en materia de igualdade neste período e xorde como resultado dos avances experimentados nos últimos anos, sobre todo os avances experimentados da posta en marcha dos tres plans anteriores. De feito elaboramos este plan a partir do estudo dos avances experimentados pero tamén da avaliación do III Plan de Igualdade de Oportunidades. Por primeira vez fíxose a avaliación dun plan de igualdade neste Concello e tamén se publicou por primeira vez ofrecendo unha ferramenta de traballo, non só para o noso Concello e para as asociacións da nosa cidade, senón para moitas outras asociacións do resto do país e do estado e para outros concellos que teñen unha menor capacidade para facer este tipo de traballos porque, de analizar a posta en práctica real dun plan de igualdade, podemos sacar conclusións realmente útiles para o traballo futuro.

Por suposto tamén queremos agradecer a participación dos distintos departamentos municipais, do movemento asociativo e dos distintos axentes sociais que colaboraron.

Unha das premisas fundamentais para a elaboración do Plan Integral de Igualdade realmente é analizar cal é a situación, cales son as diferencias entre homes e mulleres no territorio, neste caso na cidade de Vigo e para iso fixemos un primeiro estudo a través dos datos extraídos do Instituto Galego de Estatística fundamentalmente, para coñecer a realidade socio-demográfica das mulleres e dos homes do noso municipio.

Segundo o sexo vemos a distribución da poboación e vemos que efectivamente as mulleres non só somos a metade da poboación senón que somos un pouco máis, representamos o 52% da poboación en total. Por tramos de idade, entre as persoas de 65 ou máis anos as mulleres representamos un 60% o que parece confirmar o dito popular de que hai máis viúvas que viuvos.

Segundo o nivel de estudos vemos xa as primeiras diferencias realmente fondas entre homes e mulleres cunhas importantes desigualdades. Así como vemos que hai

máis mulleres licenciadas que homes, cun nivel de estudos de licenciatura, arquitectura ou enxeñería superior, as mulleres representan o 51% e os homes o 49%, pola contra entre as persoas que non saben ler nin escribir na nosa cidade, o 78,5% son mulleres e un 21,5% homes. Que teñan menos de cinco anos de escolarización o 65% son mulleres e o 35% homes. Isto xa nos dá unha idea de como esta desigualdade na formación de homes e mulleres afecta claramente ás mulleres situándoas nunha posición de inferioridade de oportunidades con respecto ós homes. Se puidésemos cruzar estes datos coa variable de idade, quizais poderíamos demostrar que as persoas sen estudos correspóndense fundamentalmente con persoas maiores que sabemos que son maioría de mulleres. As persoas con estudos universitarios correspóndense con homes e mulleres máis novos.

A nivel laboral e segundo os datos recollidos no censo de 2001 que é o último do que dispoñemos, a taxa de actividade é dun 55,3% na cidade de Vigo, unha taxa superior á media da comunidade galega que é dun 49,2. Se analizamos o dato desagregado por sexo atopámonos con que ás mulleres correspóndelle unha taxa de actividade do 45,5% e ós homes vinte puntos máis, un 66,4%. Vendo as cifras e as porcentaxes do paro, vemos que entre as persoas menores de 25 anos, a xente máis nova, probablemente a xente máis formada como viamos nas táboas anteriores, un 42,7% son mulleres pero se imos a idades superiores ós 25 anos, o 62% das persoas que están en paro son mulleres fronte a un 37,9% de homes. Vemos por tanto que, así como entre as mulleres menores de 25 anos sofren menos paro que as maiores, no caso dos homes ocorre todo o contrario, hai unha porcentaxe máis alta de paro, a variable da idade actúa á inversa para mulleres e para homes.

Se analizamos a poboación ocupada por sexo e a rama de actividade tamén vemos claramente como se segue a manter unha masculinización e unha feminización nos sectores económicos e podemos comprobar como a construción presenta unha porcentaxe de ocupación dun 88% de homes, por exemplo a industria un 79%, a pesca un 76,5% e as mulleres son maioría unicamente no sector servizos onde representan o 52%, un sector que representa valores máis semellantes en canto á ocupación de mulleres e homes, igual que a agricultura, gandería, caza e selvicultura, no que hai un 40%. Pola contra sectores coma industria, construción e pesca amósanos claramente unha presenza moi baixa de mulleres.

Logo de facer esta análise da poboación, querería explicar a metodoloxía que se seguiu para elaborar este IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de mulleres

e homes de Vigo que foi deseñado para fomentar a participación de distintos espazos sociais e institucionais. Parecíanos realmente importante que este plan xurdise da colaboración de toda a cidadanía porque a ela se dirixe este plan integral.

Nunha primeira fase o equipo que preparou este plan, o grupo Avalia, reuniuse co persoal técnico e político da concellería de Igualdade para definir e establecer a metodoloxía a seguir. Dende a concellería atopamos prioritario contar coa participación dos distintos sectores sociais. Esta participación era imprescindible porque entendemos que posibilita un proceso no que o coñecemento do territorio e a integración das achegas que poidan facer, permitan a construción dun documento dende e para a realidade do municipio, incorporando intereses, necesidades e inquietudes da cidadanía. Non tería ningún sentido facer un plan que non se puidese poñer en marcha porque non se corresponde coa realidade da nosa cidade. Nós queríamos que o plan fose realista, que fose algo máis que unha sinxela publicación.

Nunha segunda fase realizouse unha revisión e unha análise da documentación relevante, algunha desa documentación xa a comentei anteriormente coma a avaliación do plan anterior, outros plans de igualdade, materiais elaborados e relacionados coas políticas de igualdade, etc.

Nunha terceira fase xa se puxo en marcha o proceso participativo mediante reunións de traballo cos axentes implicados e para as convocatorias desta reunión enviáronse cartas, correos electrónicos, realizáronse chamadas telefónicas. Realizáronse vinteseis reunións de traballo nas que participaron asociacións de mulleres, vogalías da muller, organizacións sindicais, centros de ensino, FOANPAS, bancos do tempo, Centro de Información á Muller, Centro de Emerxencias, Departamento de Benestar Social, Plan de Inclusión, oficina de Inmigración, Departamento de Emprego, Departamento de Educación, Casa da Xuventude, o equipo de vixilancia e apoio social, EVAP, e a unidade de prevención, asistencia e prevención, UPAP.

Dende a concellería quereríamos agradecer a colaboración de todas as persoas que foron convocadas a estas reunións e que realmente fixeron achegas sen as que este Plan non sería o que é nin moito menos.

Nunha cuarta fase realizouse a organización e a sistematización da información recollida e o deseño da estrutura do plan ó redor de catro elementos: os eixos transversais que percorren todo o plan, as áreas de traballo nas que se aplican eses eixos que recollen os obxectivos do plan, os obxectivos e as accións.

Finalmente a quinta fase foi unha redacción definitiva do IV Plan Integral de



igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Vigo que por tanto é un documento, como vimos na descrición das fases anteriores, resultado dun proceso de participación amplamente consensuado a nivel social e institucional.

Paso xa falar concretamente do Plan Integral, do seu contido, das súas accións e comezo polos principios orientadores. Os principios orientadores deste plan foron a igualdade de oportunidades e de trato, loxicamente entendida coma a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, especialmente as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil; as accións positivas concibidas como medidas específicas de intervención que teñen como finalidade actuar sobre as barreiras sociais que dificultan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e que seguirán sendo precisas sempre que existan esas barreiras e esas desigualdades e o “*mainstreaming*” de xénero, entendido tal e como o definiu o Consello de Europa coma a reorganización, a mellora, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos de modo que a perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas polos actores involucrados na adopción de medidas políticas.

Isto non quere dicir outra cousa que cada quen temos que asumir a nosa responsabilidade na posta en marcha de políticas que teñan coma obxectivo a igualdade entre homes e mulleres. Os obxectivos e accións contemplados neste plan enmárcanse por suposto na lexislación e nas recomendacións existentes, tanto no ámbito internacional, na Unión Europea, no Estado Español, no ámbito galego e tamén no ámbito local, por exemplo recollendo a Lei reguladora de bases de réxime local ou a Lei de administración local de Galicia, ademais do III Plan de igualdade de oportunidades do Concello de Vigo e o informe de avaliación que se realizou sobre este plan.

Os eixos estratéxicos establecéronse coma eixos transversais que percorren todo o Plan de Igualdade. O primeiro é a concienciación e formación en igualdade de oportunidades e integra todos os obxectivos relacionados co coñecemento e detección dos estereotipos de xénero coa finalidade de favorecer unha nova concepción que permita unhas relacións de xénero baseadas na equidade.

O segundo eixo, o empoderamento, visibilización e participación social, busca acadar unha participación en igualdade de condicións para mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade e esta é unha das súas prioridades. Gustaríame parar

brevemente sobre o termo “empoderamento” que quizais as veces non se entenda demasiado ben. Foi un termo concibido pola cuarta conferencia mundial das mulleres realizada en Beijing e que é unha das estratexias centrais para construír a igualdade de xénero.

Leva tres niveis de transformación. En primeiro lugar a transformación individual das mulleres que posibilite os cambios orientados á consecución dun mellor auto-respecto e auto-confianza, así como o poder de negociación dos propios intereses da muller. En segundo lugar ten unha transformación colectiva que produce cambios destinados a unha modificación dos vínculos, dos apoios, e a un recoñecemento mutuo para a defensa dos intereses comúns.

Finalmente a transformación social que realmente é a que busca proporcionar os cambios dirixidos a vixibilizar e valorar ás mulleres na sociedade e a eliminar as discriminacións de xénero existentes.

Finalmente do terceiro eixo de saúde integral, os seus obxectivos están dirixidos a contribuír á mellora da calidade de vida e saúde das mulleres incidindo nos riscos vinculados ós *roles* de xénero.

Estes eixos están presentes nas cinco áreas de actuación que establecemos. A primeira educación en igualdade que ten coma obxectivo promover unha educación en igualdade entre mulleres e homes e que contempla accións dirixidas á concienciación e formación da comunidade educativa fundamentalmente. A área de conciliación e corresponsabilidade con medidas dirixidas a fomentar, sensibilizar e facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal de mulleres e homes. A participación económica que ten como finalidade incluír o principio de igualdade de oportunidades no eido laboral, contribuír á eliminación dos estereotipos sexistas e combater a segregación ocupacional que xa vimos anteriormente que está moi presente e moi acentuada nos sectores económicos da nosa cidade. A violencia de xénero, que pretende o rexeitamento social da violencia e mellora de atención integral das vítimas.

Incluímos a violencia de xénero e por primeira vez elaboramos neste Concello un Plan Integral de igualdade de oportunidade que contempla tanto as medidas de igualdade coma as medidas contra a violencia de xénero. Ata agora se elaboraran plans diferenciados, o plan de igualdade e o plan contra a violencia e este xa é un plan integral seguindo todas as recomendacións e leis que promoven esta integración da violencia coma unha parte da loita pola igualdade porque, como moi ben explicaba a

representante do Consello Municipal da Muller, temos que entender a violencia coma a manifestación máis extrema das desigualdades.

Finalmente a atención á diversidade que ten coma obxectivo eliminar dobres e triplas discriminacións de xénero que sofren as mulleres por ter ademais unha discapacidade, por ser una persoa inmigrante ou por estar nunha situación de exclusión social, por exemplo.

Para a posta en practica do plan é fundamental a implementación de dúas estruturas estratéxicas básicas para o impulso, seguimento e avaliación das políticas municipais. Por unha banda unha equipo técnico especializado en igualdade de xénero no Departamento de Igualdade e pola outra unha comisión de seguimento.

Así chegamos ó Plan Integral de Igualdade que comprende un total de 104 accións. Estas accións están distribuídas nas distintas áreas do seguinte xeito: en Educación e igualdade hai corenta accións; en conciliación e corresponsabilidade, 18 accións; participación económica conta con 13 accións; violencia de xénero 20 accións e atención á diversidade 13 accións.

Como vemos a área de Educación ten un peso fundamental neste plan, entendendo que a prevención das desigualdades é un dos labores fundamentais que temos que desenvolver dende as administracións públicas. Nesta área o primeiro eixo ten coma obxectivo xeral sensibilizar á sociedade sobre a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero na educación de mulleres e homes como medio para impulsar o proceso de transformación social e modificación das estruturas sexistas e discriminatorias.

En canto ó eixo de empoderamento o obxectivo fundamental dentro da educación é promover o empoderamento das mulleres mediante a visibilización da súa contribución á sociedade e fomentar a súa participación nos órganos de representación municipais. Entendemos que os nosos nenos e nenas na comunidade educativa teñen que ser quen de visibilizar o papel das mulleres na sociedade.

En canto á saúde integral na área de Educación pretendemos fomentar a adquisición de actitudes, comportamentos e hábitos que permitan ás mulleres e ós homes desenvolver unhas relacións respectuosas e igualitarias.

Por tanto as medidas que se propoñen no eido de Educación son por unha banda a elaboración e distribución entre os centros de ensino da cidade e ANPAS dunha relación de materiais con contidos non sexistas, con periodicidade anual, que sexan vídeos, contos, xogos, distinto material; a realización de actividades de formación

dirixidas ó profesorado que evidentemente é unha parte fundamental para a educación en igualdade; a realización de actividades de formación en xénero e igualdade de oportunidades de mulleres e homes dirixidas ás nais e pais que evidentemente somos os maiores responsables da educación dos nosos nenos e nenas; continuar desenvolvendo o proxecto “Camiña con nós pola igualdade”, fomentar a súa ampliación coa colaboración doutros organismos; establecer un servizo de préstamo de materiais non sexistas para os centros de ensino que así o soliciten; a creación dunha web específica con material interactivo por temas, por idades ou por etapas para que sexa accesible a toda a comunidade educativa; a realización dunha programación estable de actividades formativas para o alumnado da ESO; a realización de actividades lúdicas non sexistas para nenas e nenos, mozas e mozos; difusión das campañas de concienciación realizadas pola concellería entre os centros de ensino; incluír tamén na educación de persoas adultas un módulo sobre a igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes; a colaboración que xa existe actualmente coa Universidade de Vigo para continuar coa realización de módulos de xénero e igualdade de oportunidades e na potenciación da realización de estudos de xénero; a difusión do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades que hoxe estamos presentando a través de accións de información e concienciación; realización de actividades formativas en xénero e igualdade de oportunidades de mulleres e homes para o persoal que traballa nos programas de animación socio-cultural municipais, para que sexa algo presente en toda canta actividade se desenvolva neste Concello; o desenvolvemento de módulos de igualdade de oportunidades dirixidos a distintos colectivos e entidades; realización de actividades de concienciación que potencien o deporte feminino, en especial no considerado tradicionalmente como masculino é onde queremos incidir; o establecemento de accións de formación específica e continua para as traballadoras dos servizos e recursos municipais dirixidos ás mulleres para poder garantir unha atención de calidade ás mulleres que acudan ós nosos servizos; realización dunha oferta formativa de módulos de xénero e de igualdade de oportunidades dirixida a toda a cidadanía, sobre todo ás ANPAS e ós profesionais e movemento asociativo; potenciar a promoción da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista en todos os espazos sociais e institucionais, desgraciadamente temos exemplos cotiáns que aínda nos amosan o uso dunha linguaxe ou unha imaxe da muller que afonda nas desigualdades; a distribución entre os medios de comunicación dunha guía sobre a

utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista; a creación dun premio ó traballo xornalístico e/ou publicitario que promova unha imaxe non estereotipada de mulleres e homes e o uso non sexista da linguaxe, entendemos que as accións positivas, recoñecendo as boas prácticas, tamén son necesarias.

Xa no segundo eixo dentro desta mesma área de Educación, a elaboración e edición dun manual con perspectiva de xénero sobre as distintas conmemoracións escolares oficiais, día da declaración dos dereitos humanos, da paz, do libro, etc.; a elaboración e edición dun estudo sobre a situación social das mulleres de Vigo que é algo que aínda está pendente de facer para ter un coñecemento máis real da situación das mulleres da nosa cidade; a creación dunha escola de feminismo e liderado concibida coma un espazo para o encontro, o debate e a reflexión; a análise e a creación do coñecemento feminista; a creación dun observatorio municipal de xénero para poder recoller as queixas e suxestións da cidadanía que moitas veces detecta situacións de desigualdade que lle gustaría poder transmitir dalgún xeito; habilitar un espazo na páxina web da concellería de Igualdade para recoller as actividades desenvolvidas polo movemento asociativo feminista da nosa cidade; convocar encontros periódicos entre o Consello Municipal da Muller e os medios de comunicación co fin de visibilizar e facer máis coñecido entre toda a cidadanía o seu traballo. A apertura, posta en marcha e difusión da biblioteca e centro de documentación da muller na rede de bibliotecas públicas; o incremento do Servizo de Igualdade cunha praza de axente de igualdade para potenciar un equipo especializado en igualdade de xénero; a reactivación do Consello Municipal da Muller mediante a creación de comisións de traballo, comezando por suposto pola creación da comisión de seguimento do plan da que xa falei anteriormente; potenciar a Casa das Mulleres coma un espazo de referencia e encontro para asociacións e colectivos de mulleres e a elaboración dun regulamento de uso da Casa; a incorporación no Consello Escolar Municipal dunha representante do Consello Municipal da Muller, o que foi unha proposta que viu dende a propia concellería de Educación; e a promoción dunha composición paritaria de mulleres e homes do Consello Escolar Municipal.

Finalmente no eixo de saúde integral, a realización de obradoiros sobre habilidades socio-afectivas e relacións amorosas en igualdade para a xente máis nova; aproveitamento dos espazos de participación xuvenil para realizar actividades que xiren ó redor da análise da construción das identidades masculina e feminina; realización dunha campaña de concienciación dirixida as/os profesionais da

xinecoloxía coa finalidade de que na súa atención se contemple a diversidade de opcións sexuais; a realización dunha campaña informativa e formativa sobre os dereitos sexuais e reprodutivos; e a realización dunha campaña de concienciación dirixida ó persoal sanitario.

Tamén a realización de talleres de sexo seguro, sobre todo dirixidos á adolescencia e ó apoio ós colectivos e asociacións en actividades que favorezan o respecto ás diferencias e promovan a aceptación da diversidade sexual.

Na segunda área de conciliación e corresponsabilidade os obxectivos xerais evidentemente son unha sensibilización da sociedade sobre a necesidade da corresponsabilidade entre homes e mulleres nas responsabilidades domésticas e familiares; sensibilizar á sociedade sobre o valor económico do traballo doméstico para visibilizalo, é algo que non se valora con cartos e por tanto segue a ser un traballo invisible cando realmente ten unha contribución á economía xeral moi importante. Promover a calidade de vida das mulleres incidindo nos riscos de saúde derivados desta situación de non corresponsabilidade actual.

As propostas son a continuación e ampliación do programa de fomento da corresponsabilidade doméstica e familiar que na avaliación do III Plan puidemos comprobar que é unha das accións que maior éxito tivo de todas postas en marcha anteriormente; a difusión da normativa existente sobre a conciliación da vida laboral, persoal e familiar para que todo o mundo coñeza cales son os seus dereitos e os reivindique nos seus postos de traballo; a realización de actividades de formación para tentar eliminar os estereotipos sexistas para as persoas que traballan no servizo municipal de axuda a domicilio; a realización de actividades de concienciación sobre a asunción de responsabilidades domésticas e familiares para cambiar as actitudes; o establecemento na páxina web da concellería de Igualdade nun espazo onde se recollan todos os servizos, recursos e medidas.

É fundamental o coñecemento das posibilidades para que a xente exerza os seus dereitos e por tanto tamén a difusión do plan integral entre homes e mulleres e incrementar os servizos que favorezan a conciliación da vida persoal, laboral e familiar: escolas infantís, comedores escolares, ludotecas, centros de día, servizo de axuda no fogar, SADI, aproveitando a rede social xa existente e coa que xa contamos. Apoio e promoción ós bancos do tempo, agora mesmo xa hai bancos do tempo funcionando na nosa cidade; promoción e impulso á creación das escolas de verán; impulso á creación de escolas infantís fundamentalmente nos centros de

traballo para achegar esa posibilidade ós propios centros; apoio económico ás familias con menos recursos para afrontar os gastos das actividades extra-escolares. No último Pleno tivemos a oportunidade de contar cunha representante da Asociación ASNAIX que foi unha das persoas que fixo esta proposta, de tal xeito que a xente con menos recursos poida contar tamén con actividades extra-escolares para os seus fillos e fillas e así axudar á conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

O impulso ó establecemento do transporte público de acceso ós novos polígonos industriais, cun horario adaptado ás circunstancias laborais das traballadoras e traballadores. Fundamentalmente son as traballadoras as usuarias do transporte público.

A realización de actividades dirixidas ás empresas fundamentalmente para cumprir coa lei e a difusión entre o empresariado das distintas medidas de flexibilidade horaria que realmente permitan conciliar de maneira moito máis doada, cun esforzo moi pequeno e non monetario por parte das empresas.

A elaboración e difusión dun informe ou estudo que dea a coñecer o valor económico e social do traballo doméstico. A organización de actividades e actos que difundan as reivindicacións do Consello Municipal da Muller en torno á valorización do traballo doméstico; estender o réxime da Seguridade Social ás empregadas do fogar; incrementar os servizos de conciliación e flexibilidade horaria. O desenvolvemento de talleres formativos dirixidos ás mulleres coidadoras e a realización de actividades de concienciación sobre os riscos de saúde.

Xa na área de participación económica evidentemente os obxectivos fundamentais son promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na vida económica. Por exemplo agora mesmo hai unhas diferencias de salarios entre homes e mulleres que seguen a afondar nas desigualdades. Incluír o principio de igualdade de oportunidades no eido laboral é fundamental e tamén promover a mellora da calidade de vida e o benestar físico e psíquico das traballadores e traballadoras, sendo conscientes que hai riscos de xénero relacionados directamente coa actividade laboral.

As propostas son accións formativas sobre xénero e igualdade de oportunidades para os técnicos e técnicas de emprego que tamén necesitan esa formación para poder percibir esas desigualdades. A realización dunha campaña informativa sobre os dereitos e recursos existentes para as mulleres traballadoras. A realización de accións formativas cos distintos axentes sociais; elaboración de material informativo,

difusión do plan.

Como vemos a difusión e a información é un dos eixos fundamentais de todo este plan. Unha campaña de concienciación dirixida ó ámbito empresarial que ten unha responsabilidade enorme na eliminación destas desigualdades. A realización de accións de formación dirixidas ás persoas responsables da selección de persoal das empresas onde xa comezan as primeiras discriminacións entre homes e mulleres, por exemplo tendo en conta a posibilidade de que unha candidata a un posto de traballo poida ser nai ou non.

A difusión entre o empresariado de distintas medidas existentes dirixidas ó fomento de emprego para a contratación feminina. A realización de plans de igualdade nas empresas, cumprindo ademais coa lexislación vixente porque agora mesmo e seguindo a Lei estatal moitas das empresas da nosa cidade deberían contar cun plan de igualdade que aínda non está elaborado. Temos a obriga de axudar á promoción da elaboración deses plans.

Incluír cláusulas de contratación con empresas e outras entidades obxecto de adxudicación pública nas que se contemplan actuacións que promovan a igualdade. Por exemplo calquera empresa que contrate co Concello de Vigo que inclúa accións que promovan a igualdade debe ser tido en conta coma un esforzo desa empresa e debe ser considerada por este Concello coma unha empresa prioritaria para a súa contratación.

Por suposto o plan de igualdade da administración local que cumpre a Lei compre que sexa elaborado e difundido coma un instrumento fundamental. Agora mesmo está elaborado entre os dous departamentos responsables e o que pretendemos é que sexa aplicado e coñecido coma unha maneira de promocionar estes plans de igualdade.

Por suposto a elaboración de material informativo e de accións de información e formación dirixidas sobre todo á prevención que é un dos traballos fundamentais.

A área de violencia de xénero por suposto é moi importante dentro deste Plan de Igualdade. Coido que non é preciso afondar en cales son os seus obxectivos porque todo o mundo temos claro e hai un consenso total da necesidade de eliminar a violencia de xénero e rematar con esta situación de auténtico terrorismo contra as mulleres que cada ano acaba cun número enorme de vítimas asasinadas sinxelamente por ser mulleres.

Por iso propoñemos un programa de dinamización para mulleres vítimas de violencia



de xénero porque cómpre atender ás mulleres con son vítimas desa violencia, non só quedarmos coa cifra de mortas senón atendelas para poder saír desa situación. Tamén actuacións formativas para as relacións interpersoais e resolución de conflitos para as mulleres usuarias dos dispositivos municipais. Actividades formativas dirixidas ás mulleres vítimas da violencia sobre xénero e violencia, para darlles pautas de auto-coidado e auto-protección. Atender ás mulleres que veñen doutros países traducindo a diversos idiomas os impresos e protocolos dos dispositivos de atención á muller e de acollemento. Instar á Xunta de Galicia para o incremento do persoal do Centro de Emerxencia para mellorar a atención das mulleres usuarias e ás súas fillas e fillos. Instar á Xunta de Galicia para a posta en marcha do centro de recuperación integral que tamén atendería a todo o país como o centro de emerxencia co que contamos actualmente na nosa cidade. Instar á administración autonómica para a mellora do funcionamento do punto de encontro. Establecer un servizo de intérpretes para as mulleres usuarias dos dispositivos municipais. Potenciar e incrementar os recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia. Impulso á mellora das instalacións de atención ás mulleres vítimas de violencia do EVAP, Equipo de Vixilancia e Apoio Social. Folletos e material informativo para a detección, causas e consecuencias da violencia de xénero en distintos idiomas para toda a cidadanía. Elaboración e difusión de campañas de concienciación como a que puxemos en marcha estes días co gallo do 25 de novembro. Establecer un programa de visitas do movemento asociativo de mulleres ó Centro de Emerxencia para poder facelo chegar á sociedade e poder facer un seguimento do seu funcionamento. Actividades informativas e de concienciación para toda a sociedade sobre as distintas formas que adopta a violencia de xénero. Por suposto a difusión deste Plan como no resto das áreas. Material informativo sobre a incidencia da violencia na nosa cidade. Elaborar e difundir unha investigación sobre as actitudes e crenzas que os e as adolescentes de Vigo teñen sobre a violencia de xénero porque os datos que temos son realmente preocupantes sobre cal é a percepción que ten a xuventude sobre a violencia de xénero, mesmo lexitimándoa, entendendo que forma parte da relación entre rapaces e rapazas dunha maneira normal. Establecer un programa específico de apoio individual ós fillos e fillas de mulleres usuarias que tamén teñen que ser atendidos como vítimas de violencia de xénero. Realización de accións de concienciación para a sociedade en xeral e sobre todo para a xente nova sobre as novas formas de violencia simbólica e real sobre as

mulleres e dar a coñecer a súa incidencia sobre a saúde.

Todas estas son medidas que por suposto teñen coma obxectivo principal a eliminación das mortes pero tamén ten que ser unha atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero na que nos impliquemos todas as administracións e toda a sociedade, de xeito colectivo e individual.

Finalmente a Área de atención á diversidade contempla esas accións que pretenden eliminar esas duplas e triplas discriminacións contra as mulleres por seren mulleres e por seren persoas con discapacidade ou inmigrantes ou estar en risco de exclusión social.

Por iso se propoñen accións coma a tradución a diversos idiomas do material informativo sobre os servizos e recursos ás mulleres inmigrantes, actividades de concienciación e formación sobre xénero e igualdade dirixidas ós homes inmigrantes porque tamén temos que contar coa colaboración e coa implicación dos homes. A realización de accións de formación sobre xénero e violencia dirixidas ás persoas mediadoras interculturais, para que tamén sexan conscientes de cales son as discriminacións que sofren as mulleres. Realización de actividades de concienciación dirixidas ás mulleres con diversidade funcional. Material informativo sobre xénero e violencia dirixido ás mulleres con deficiencias sensoriais. Adaptar a páxina web da Concellería de Igualdade ás persoas con deficiencias sensoriais. Difusión entre as mulleres prostituídas de material informativo sobre os servizos e recursos existentes dirixidos ás mulleres. Por suposto difusión do plan. Inclusión nas actividades de concienciación que se realicen do recoñecemento da diversidade de mulleres coma unha estratexia para rachar coa visión homoxeneizadora existente de que todas as mulleres somos iguais e estamos na mesma situación ou que todas as inmigrantes están na mesma situación. Fomento da participación e empoderamento das mulleres maiores que sofren tamén determinadas circunstancias relativas á súa situación pola súa idade. Adaptación dos servizos municipais dirixidos ás mulleres á accesibilidade arquitectónica. Actividades de concienciación e formación sobre a saúde das mulleres adaptadas ás distintas etapas do ciclo vital porque non son as mesmas necesidades as das mulleres novas que as das maiores. Realización de actividades de concienciación e formación sobre sexualidade e madurez, algo especialmente importante tendo en conta a porcentaxe de mulleres maiores de 60 anos como vimos antes.

E por suposto logo de establecer todas esas accións é preciso un seguimento do Plan

a través das dúas estruturas estratéxicas das que falabamos ó principio, o equipo técnico especializado en igualdade de xénero no departamento de Igualdade e a comisión de seguimento. Unha vez concluída a vixencia do plan en 2012, realizarase unha avaliación final externa e tamén avaliacións tanto cuantitativas como cualitativas. Toda esta información vaise recoller nun informe final que avaliará a execución do plan tal como se fixo no III, que incluírá recomendacións que poden servir de guía para a elaboración dun futuro plan de igualdade.

O orzamento do que dispón a concellería de Igualdade para a implementación deste IV Plan de Igualdade de Oportunidades é de 1.213.000 euros que se irá incrementando anualmente nos orzamentos municipais xunto a outros fondos procedentes da cooperación institucional con outras administracións e organismos, como poden ser a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra.

Este é o plan que se elaborou de maneira participativa na nosa cidade, aprobado por unanimidade no Consello Municipal da Muller e que hoxe presentamos para a súa aprobación neste Pleno.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Hoxe é un día importante para todos nós, sobre todo porque nada máis acender os medios de comunicación, sexa televisión ou sexa a radio, ver a prensa, veñen cheos de noticias xeralmente malas desgraciadamente. Esta é a causa de que hoxe, 25 de novembro, sexa o Día Internacional contra a violencia machista. Temos que agradecer ós medios de comunicación que fixeran unha verdadeira campaña dende hai moitos anos de visualizar este grave problema que é a violencia de xénero.

Afortunadamente hoxe estamos informados por prensa, radio, televisión, cine, internet, redes de comunicación, publicidade, vídeos, curtos, de todo. Podemos utilizalo e analízalo máis tempo pero seguramente o día vai pasar e a penas na maioría dos seres humanos vai quedar este resto de información puntual que hoxe sae con forza.

Quixera dicir que afortunadamente temos unha grande incorporación na axenda política do tema da violencia contra as mulleres. Isto é importante porque deu lugar nos últimos tempos a dúas leis propostas polo goberno socialista do Estado moi importantes que tamén se foron desenvolvendo nas comunidades autónomas. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, que vai cumprir o próximo mes os seus cinco anos de desenvolvemento. Esperemos que esa lei aínda teña un desenvolvemento

maior.

Hai outra lei que completa o día de hoxe que ven a conto con este IV Plan integral de Igualdade que presentou a concelleira de Igualdade do BNG. Esta lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, si pon as bases para o desenvolvemento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. As dúas son moi importante para as mulleres.

A verdade é que a violencia machista ten unha natureza estrutural e a súa erradicación vai depender da necesidade de transformar os fundamentos dunha orde social que discrimina ás mulleres só polo feito do ser. Precísanse moitos cambios sociais porque os cambios puntuais son efectivos, pódense visualizar pero o que hai que acadar é un cambio social moi amplo porque de nada valen pequenos apartados, ten que ser moi xeral e non nos viría nada mal esa educación para a cidadanía con forza neste tema concreto.

As leis sitúannos en bo camiño pero aínda queda moito camiño por percorrer, tal como evidencia o feito de que a pesar de todo non cesan as mortes da mulleres e esa violencia que se di extrema leva aparellada dende o seu inicio unha violencia psicolóxica terrible. O outro é chegar ó final, morrer ou violencia física pero a violencia psicolóxica de anos e anos de aturar unha presión enorme, mesmo ás veces case invisible pero moi eficaz, vai esnaquizando a vida das mulleres pouco a pouco.

Necesitamos a creación de instrumentos específicos contra a violencia machista que por fin incrementou que saíran casos e casos que antes estaban ocultos, sinceramente coido que non había menos violencia senón que estaba máis oculta. Cantidade de mulleres maiores, nestas idades de 60 ou 80, chegan pedir a separación porque xa non aguantan máis, aguantaron 50 ou 40 anos de suplicio físico e psíquico. Por mor da aprobación e posta en funcionamento destas leis posiblemente sae máis xente a dicir o que lle pasa.

Con este quinto aniversario da aprobación da lei, aprobada por unanimidade a pesar de que houbo unha certa crítica, un gran debate social porque non se vía coma adecuado que houbera unha acción positiva de cara ás mulleres pero sobre todo no Código Penal cando si estaban recollidas outras accións positivas por motivo de etnia, idade ou discapacidade. Cando chegou a hora de facer unha discriminación positiva pola muller, levantáronse sobre todo persoas cun certo sentir político.

Seguramente a resposta ten que vir hoxe coa crenza xeral de que estamos en igualdade, moitas mulleres e homes pensan que hoxe en día xa son iguais porque as mulleres chegan á Universidade e conseguen máis títulos universitarios que os

homes, teñen todas as capacidades e toda a liberdade igual que os homes; pero iso non é certo e proba diso é que segue habendo violencia machista, psicolóxica, no traballo, mesmo nos xulgados, etc.

Sen dúbida a aprobación da Lei integral supuxo un gran paso. Dende aquí quero reivindicala coma unha lei necesaria, oportuna, pioneira no conxunto de Europa, avanzamos máis que moitos países europeos que dicían ser grandes defensores das liberdades e dos dereitos da muller.

Para finalizar diría que as mulleres do Partido Socialista, mulleres sindicalistas, mulleres de esquerdas, mulleres progresistas, valoramos positivamente o intenso traballo desenvolvido polo Goberno Socialista de España no reforzo de institucións específicas, nos recursos asistenciais e económicos, no recoñecemento de dereitos laborais, nos avances na formación e sensibilización dos distintos profesionais e ámbitos implicados como os sociais, xurídicos, sanitarios, policiais, etc.

Tamén consideramos urxente acometer as insuficiencias na aplicación da Lei que poñen en evidencia a realidade. Este ano son 47 as mulleres que din mortas en violencia de xénero. Esperemos que a fin de ano e por distintos ámbitos non nos dean unha cifra moi superior. Unha completa e eficaz aplicación destas normas que a lei nós permite debe incluír algo como o que oín hoxe á mañá dunha muller que dicía que nunca se sentiu máis soa que no momento en que declarou ante o xuíz a violencia de xénero que estaba a sufrir. A partir daí a soidade destas mulleres é enorme, non teñen o apoio necesario para resistir e denunciar esta violencia.

Debemos mellorar a asistencia xurídica en todo momento e mellorar moito a formación de xuíces, letrados e de todo o acompañamento que leva a estas mulleres a sufrir aínda por riba unha culpabilización antes e logo de declarar que están mal tratadas. Necesitamos incrementar os xulgados específicos de violencia e dotalos de recursos humanos, materiais e técnicos porque tardan de dous a tres anos e mentres isto sucede os malos tratos son presuntos pero nunca son declarados como tales e as mulleres seguen sufrindo durante dous ou tres anos as consecuencias con maior gravidade aínda.

Tamén necesitamos formación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes contra a violencia de xénero en todos os sectores xudiciais, forzas e corpos de seguridade do Estado e autonómicas e tamén os profesionais sanitarios. Os sanitarios non poden mirar cara outro lado cando chega á súa consulta, sobre todo na sanidade primaria, unha muller con problemas. Hai que atendela de

inmediato e axudala a que non teña que seguir sufrindo esas consecuencias.

Por suposto falouse aquí de educación. Como concelleira de Educación teño que dicir que necesitamos moita formación. O profesorado necesita crer no que ten que dar, sobre todo en cuestións de igualdade. Somos persoas coma as demais, uns cunhas crenzas e outros con outras e parece que todos somos iguais pero non é certo. Hai que seguir traballando a igualdade de nenos e nenas dentro das aulas, non podemos mirar cara outro lado. Dentro dos currículos debe estar presente esta referencia tan importante.

Valoramos tamén moi positivamente o recoñecemento de dereitos laborais e de Seguridade Social, a aprobación de programas para o fomento do emprego, os recursos sociais e económicos establecidos para as traballadoras vítimas de violencia de xénero.

Consideramos que hai que facer un esforzo común importante por parte de todas as administracións e organismos sociais implicados para difundir a información sobre medidas e dereitos, así como para garantir plenamente o seu uso por parte das mulleres vítimas de violencia.

As últimas noticias son 300.000 denuncias neste ano por malos tratos, 50.000 ordes de protección, 47 mortes e 800.000 nenos que viven en familias con violencia de xénero. Por isto non esquezamos todas as necesidades que aínda temos que cubrir pero que todos e todas temos que defender.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Hoxe é un día para a reflexión, un día no que debemos pensar na solidariedade, na sensibilización e na reivindicación por esta lacra social que estamos a padecer e que non chegaremos á plena igualdade ata que isto non deixe de acontecer.

Como dicía o outro día o secretario xeral Alfonso Rueda nunha concentración que houbo en Santiago contra a violencia de xénero, debemos loitar para que haxa cero insultos, cero mortes, cero denuncias e cero agresións.

Debe ser un día de reivindicación. Evidentemente esta reivindicación debe vir tamén dende as administracións públicas e dende a administración local que padecemos moi de preto a situación sangrante dos nosos veciños e veciñas cando padecen unha situación semellante.

No Concello de Vigo cremos que debemos reivindicar e denunciar a situación que temos vivido durante estes dous últimos anos en materia de violencia de xénero. A

realidade é moi dura. A Sra. López Atrio comentaba as propostas que se están a levar a cabo. Creo que o Plan que presenta a Sra. Veloso debemos apoialo e queremos felicitar ós membros do Consello da Muller e a todos e cada un de nós por ter traballado neste plan e que se poida desenvolver dun xeito adecuado para todos, pero tamén debemos denunciar que estamos a vivir no Concello de Vigo e os cidadáns deben ser conscientes do que está a pasar e do que pasou.

Estivemos durante dez meses sen unha atención específica e especializada para as mulleres vítimas de violencia de xénero. Non tiveron recursos a onde acudir nin elas nin os seus fillos ante unha situación tan grave coma esta. O presuposto reduciuse; de 2008 a 2009 houbo unha redución do 16%. De 2008 a 2009 houbo un incremento dun 75% en publicidade e cremos que isto é algo para denunciar e reivindicar para poñer freo e solucións a esta situación.

Dende a Xunta de Galicia estamos empezando a traballar con este tema, levamos só seis meses e incrementouse un 48,8% o presuposto en materia de violencia de xénero. Coido que dende o goberno local do Concello de Vigo deben tomar exemplo e empezar a tomar as medidas axeitadas ante esta situación.

SRA. VELOSO RÍOS: Para rematar esta sesión, hoxe non é día de entrar nun debate político. A semana que ven teremos outro Pleno no que poderemos debater todo o que queiramos pero hoxe é o día en primeiro lugar de agradecer a toda a cidadanía o seu traballo, o seu compromiso e a súa colaboración para poder chegar á elaboración deste IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Vigo. Agradecer ó Consello Municipal da Muller o seu traballo, sen as súas achegas este Plan sería moito peor do que é, un Plan que ademais conta coa colaboración e coa unanimidade de todas entidades que forman parte dese Consello e agradecer que hoxe unha representante do Consello estivese aquí lendo a declaración institucional que aprobamos neste Pleno.

Agradecer ós distintos departamentos departamentos do Concello de Vigo a súa colaboración, ós distintos axentes sociais cos que nos entrevistamos, por suposto ás forzas de Seguridade tamén a súa colaboración e o seu traballo cotián.

Sobre todo é un día para felicitaros porque o Pleno do Concello de Vigo convocouse para falar de igualdade entre homes e mulleres, para denunciar as desigualdades que aínda a día de hoxe seguimos sufrindo e realmente é un día para felicitarse porque no Pleno do Concello de Vigo esteamos falando de igualdade.

Coido que ademais é un exemplo de asunción do compromiso co traballo pola erradicación da violencia de xénero nun día coma hoxe, co consenso e a unanimidade do Goberno e da oposición, coido que iso é o que temos que destacar no día de hoxe. Como ben dixo tanto a concelleira Sra. López Atrio coma a concelleira da oposición, Sra. García Míguez, é un día para felicitar, un día importante e coido que tamén é un exemplo para toda a sociedade e dende aquí me gustaría facer un chamamento á participación de toda a cidadanía neste día de reivindicación e de loita contra a violencia de xénero e a participación na manifestación que está convocada hoxe ás oito da tarde pola Marcha Mundial das Mulleres, que sairá da rúa do Príncipe como todos os anos, para lembrar un ano máis que non podemos seguir permitindo esta situación de terrorismo contra as mulleres.

Moitas gracias a todo o mundo.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro e, xa que logo, aprobar o “IV Plan municipal integral para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Vigo 2009-2012”, co texto que figura no expediente, debidamente selado pola Secretaría Xeral do Pleno.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás horas e dez horas e vinteoito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

-----  
S.Extraord. 25.11.09



Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.